

VAS SOLICITAR A VALORACIÓN DO GRAO DE DEPENDENCIA?

QUE ESTÁ PASANDO?

Existe a *falsa crenza* de que enviar a solicitude canto antes a Xunta de Galicia aforra tempo. Se vas solicitar a valoración de grao de Dependencia, **debes saber** que a tramitación sen orientación previa polos servizos sociais nin ter a documentación técnica pode levar a que a Xunta de Galicia paralice a tramitación e requira que presentes un informe social e/ou informe médico de saúde no prazo límite de 10 días.

A BUSCA DO INFORME

Acudir aos servizos sociais do concello ou do centro de saúde á búsqueda dun informe social, co prazo de 10 días, e sen seguemento previo, coas axendas actuais é inviable.

FALSO MITO: “GAÑO TEMPO SE O FAGO POLA MIÑA CONTA”

A realidade é que o prazo non corre mentras o expediente este incompleto. A falta de asesoramento profesional previo non adianta prazos. Os/as profesionais de Traballo Social xa avisamos de que o Informe Social é necesario para valorar, e que suprimilo non adiantaba prazos.

QUE GAÑAS CONSULTANDO PRIMEIRO COAS/COS PROFESIONAIS DE TRABALLO SOCIAL?


1. ORIENTACIÓN E VALORACIÓN TÉCNICA RIGOROSA

Revisarase a túa situación, para que a solicitude reflicta ben as necesidades de apoio.



2. PREPARACIÓN COMPLETA DO INFORME SOCIAL

Recabar información co tempo e rigor necesario, así como a documentación requirida.



3. TRAMITACIÓN SEN BLOQUEOS NIN REQUERIMENTOS

Ao enviar a solicitude xuntos con informes elaborados, o expediente entra completo, sen risco de ser arquivado.

El plan para agilizar la dependencia desconcierta a los trabajadores sociales

Denuncian falta de información y no ven «factible» la reducción de plazos

**O TRABALLO DOS/DAS PROFESIONAIS DE TRABALLO SOCIAL
GARANTE OS DEREITOS DA PERSOAS USUARIAS**